




# FAME DE EXPERIENCIAS?



## PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

### 2 Festa da Troita (Ponte Caldelas)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar en maio e á que acoden pescadoras e pescadores de toda España para participar nun concurso de pesca no río Verdugo. O evento acompáñase de degustacións de troitas preparada de distintas maneiras.



Festa da Troita (Ponte Caldelas)

### 4 Festa do Caldo de Mourente (Pontevedra)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar en marzo e na que se homenaxea este produto. Noméase aos cabaleiros e damas da Orde do Caldo e hai actuacións musicais e verbena.



Festa Gastronómica do Codillo (A Lama)

### ENCLAVES NATURAIS

#### Salinas do Ulló (Vilaboa)

Situadas no barrio de Paredes, a súa orixe remóntase ao século XVII, cando os xesuítas iniciaron a extracción de sal na zona. Hoxe son unhas marismas cunha gran diversidade de flora e fauna, e con agradables sendas para pasear. Consérvanse os vestixios da granxa das salinas, onde se aloxaban os traballadores e os propietarios da explotación.


### OUTROS PUNTOS DE INTERESE

#### Conxunto histórico artístico de Pontevedra

É un dos mellor conservados de España, con rúas asoportaladas que conducen a prazas de grande encanto. Paseando descóbrense antigos casaróns, o convento de Santo Domingo ou a basílica de Santa María A Maior, varias igrexas conventuais ou o santuario da Virxe Peregrina (1778), cuxa planta lembra ás cunchas de vieira.



Muíños da Barosa (Barro)



# FAME DE EXPERIENCIAS?



## PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

### RUTA 08 Pontevedra

## UN TESOURO ARTÍSTICO



#### Caldas Hoard 1 - As Silgadas Deposit

was a chance discovery by workers who were digging a trench. The deposit lay directly on the surface, relatively close to the surface, in a place where two major communication routes crossed: the Meridian Depression and the Uria Valley. The hoard comprises more than 30 hoops, two side-handle bowls, a side-handle jug and a comb, all made of gold, as well as six fragments of decorated sheet gold. The objects were found in neat groups, possibly because they were deposited inside a sack or basket that has not survived. However, we do know that part of the hoard was melted down by a local resident.

Museo Provincial de Pontevedra

# FAME DE EXPERIENCIAS?



## SABOREA A COMARCA DE PONTEVEDRA

### UN TESOURO ARTÍSTICO

Achégate á comarca de Pontevedra, un tesouro artístico que comprende as poboacións de A Lama, Ponte Caldelas, Vilaboa, Pontevedra, Poio, Barro e Campo Lameiro.

Pontevedra destila arte por todos os seus recunchos. As prazas e as rúas da cidade histórica remítennos a un pasado medieval no que o Camiño de Santiago constituíu un punto de encontro de primeira orde. O Museo Provincial de Pontevedra alberga coleccións arqueolóxicas, artísticas e etnográficas de gran valor e ofrécenos unha viaxe pola súa historia desde a Prehistoria.

A cidade de Pontevedra esconde aínda máis tesouros, coma os restos das antigas Torres Arzobispais, o mosteiro de San Salvador de Lérez ou a luxosa e residencial Finca de Lourizán. A comarca ademais conserva un importante patrimonio arqueolóxico, coma os conxuntos de gravados rupestres –petróglifos– da Idade do Bronce que balizan o territorio en Campo Lameiro, Tourón ou A Caeira. A rúa de Pontevedra, con localidades coma Poio ou as parroquias de Combarro ou Samieira, ofrece unha interesante gastronomía e recunchos de gran interese natural e cultural. As súas rúas e prazas, así como os xardíns dos pazos, castelos e mosteiros, convidan a descubrir a vistosidade das camelias e doutras flores.




Museo Provincial de Pontevedra-Ruínas de Santo Domingo



Museo Provincial de Pontevedra -Castro Monteagudo



Casa-Museo de Cristóbal Colón (Poio)



- 1 - A Lama
- 2 - Ponte Caldelas
- 3 - Vilaboa
- 4 - Pontevedra
- 5 - Poio
- 6 - Barro
- 7 - Campo Lameiro




Conxunto histórico-artístico de Combarro (Poio)



Salinas do Ulló (Vilaboa)

## RUTA 08 Pontevedra

### UN TESOURO ARTÍSTICO



### MUSEOS

#### 5/6/7/8/9/10 Museo Provincial de Pontevedra

Fundado en 1927, é a institución museística máis importante Pontevedra e un dos museos provinciais máis importantes de España. As súas coleccións, con máis de 16.000 obxectos, son dunha alta calidade e diversidade e abarcan desde a Prehistoria ata o século XX, ademais de obxectos etnográficos e de patrimonio naval. Toda unha viaxe pola historia e a cultura da provincia. Está formado por seis edificios: Castro Monteagudo, García Flórez, Fernández López, Sarmiento, Ruínas de Santo Domingo e Sexto Edificio.

Museo de Pontevedra - Sexto edificio. Travesía Padre Amoedo, 3, 36002 Pontevedra  
T +34 986 851 455 W www.museo.depo.es

#### 11 Centro de Interpretación das Torres Arzobispais

Está situado no subsolo, onde se achou o foso defensivo do pazo-fortaleza das Torres Arzobispais. Durante a súa visita pódese descubrir a escarpa e a contraescarpa da fortaleza, así como os alicerces dunha ponte levadiza. Nas escavacións arqueolóxicas recuperáronse 24 bólas de pedra utilizadas como proxectís de catapulta.

Rúa Mestre Mateo, 1, 36002 Pontevedra  
T +34 986 090 677 W www.visit-pontevedra.eu

#### 12 Casa-Museo de Cristóbal Colón

Coñecida como Casa da Cruz, está situada fronte ao estaleiro no que, segundo contan, foi construída unha das naves que partiu ás Indias en 1492: a Santa María, renomeada como A Galega. O museo conserva documentación que demostra a existencia dunha familia de navegantes apelidada Colón, así como a inscrición do cruceiro situado ao pé da casa: Juan Colón R ano 1490.

Praza de Cristóbal Colón, s/n, 36163 Poio  
T +34 986 770 001 +34 986 873 196  
W www.concellopoio.com

#### 13 Zona arqueolóxica e Centro de Interpretación Arqueolóxico da Caeira

Área con varios conxuntos de petróglifos –gravados rupestres– que se complementa cun centro que divulga a importancia deste legado arqueolóxico e proporciona as claves para a súa posterior visita.

Avenida Andurique, 43, 36163 Poio  
T +34 986 833 204 W www.concellopoio.gal

#### 14 Mosteiro de San Xoán de Poio e museo

Destaca a igrexa que se levantou no século XVII, mestura de influencias clasicistas e barrocas. Acolle un retablo do século XVIII e o sepulcro de santa Trahamunda, moi venerada en Poio. A vista ao museo permite percorrer o antigo refectorio dos monxes e admirar unha colección de pintura e de libros en miniatura. Nos xardíns consérvase o hórreo de maior superficie de Galicia, construído no século XVIII.

Rúa Convento, s/n, 36995 Poio  
T +34 986 778 015 +34 986 770 244

#### 15 Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR)

Área arqueolóxica con sendeiros que percorren un dos conxuntos de petróglifos –gravados rupestres– máis importantes de Galicia, con motivos xeométricos e naturalistas. O centro de interpretación desvela os enigmas destas simbólicas manifestacións na pedra. No exterior pódese visitar unha reconstrución de cabanas, estruturas de almacenamento ou cercados para animais.

Rúa Praderrei, s/n, 36119 Campo Lameiro  
T +34 986 696 066 W www.paar.es

### OUTROS PUNTOS DE INTERESE

#### 3 Área arqueolóxica de Tourón (Ponte Caldelas)

Zona que reúne un conxunto de petróglifos, gravados rupestres ao aire libre, que se poden observar desde un sendeiro. Os gravados mostran cazoletas, combinacións circulares, motivos xeométricos e representacións zoomorfas.

Tourón, 36828 Ponte Caldelas  
T +34 986 767 235 W www.pontecaldelas.org

### MOMENTOS GASTRONÓMICOS

Alguns dos principais produtos gastronómicos que podes gozar ao longo desta ruta son o peixe de río, o viño e a augardente, a repositaría e o pan, e as conservas.

#### 1 Festa Gastronómica do Codillo (A Lama)

Festa gastronómica que ten lugar no mes de maio e na que se poden degustar racións de codillo de porco estufado, con guarnición de patacas asadas, cenorias, chícharos e champiñóns.



Museo Provincial de Pontevedra



Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (Campo Lameiro)



Área arqueolóxica de Tourón (Ponte Caldelas)



Festa do Caldo de Mourente (Pontevedra)